

"Informe sobre o Proxecto da terminal de autobuses integrada na área intermodal de Lugo.

"Con data 16.03.2023 a Secretaría xeral técnica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da traslado á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, da solicitude, xunto con documentación achegada, relativa ao **"Proxecto da terminal de autobuses integrada na área intermodal de Lugo"**, para a súa tramitación ao abeiro da Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese, de conformidade co artigo único apartado 5 da devandita Lei 3/2016, do 1 de marzo.

De conformidade co disposto no número 5 do artigo único da citada Lei e, aos efectos de continuar a tramitación do procedemento do expediente referido, corresponde elevar o **"Proxecto da terminal de autobuses integrada na área intermodal de Lugo"** para informe do Pleno da *Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo*, que se pronunciará sobre os aspectos urbanísticos do proxecto, tendo en conta as seguintes consideracións:

PRIMEIRA.-Mediante acordo da Secretaría xeral técnica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade de data **09.01.2023**, acordouse o inicio do procedemento previsto na Lei 3/2016, do 10 de marzo.

O **11.01.2023** a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia remitiu escrito ao Concello de Lugo solicitando a realización dos trámites do procedemento previsto na Lei 3/2016, do 1 de marzo, para a execución das obras que contempla o Proxecto da terminal de autobuses integrada na área intermodal de Lugo.

O **07.03.2023** o tenente de alcaldía delegado da Área de Sostibilidade Urbana do Concello de Lugo, informou favorablemente a actuación solicitada e a súa tramitación segundo o establecido na Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese público.

SEGUNDA.- En data **16.03.2023** a Secretaría xeral técnica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da traslado á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da solicitude relativa ao **"Proxecto da terminal de autobuses integrada na área intermodal de Lugo"**, xunto coa documentación relativa ao expediente, para a súa tramitación de acordo ca Lei 3/ 2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese público, para a execución de obras do **"Proxecto da terminal de autobuses integrada na área intermodal de Lugo"**.

O dito expediente consta da seguinte documentación:

1.- Proxecto básico da terminal de autobuses integrada na área intermodal de Lugo.

A dito documento xunta unha memoria xustificativa da aplicación do procedemento da Lei 3/2016, denominado " Proxecto xustificativo do trámite da Lei 3/2016".



2.- Informe xustificativo do excepcional interese público, emitido polo subdirector xeral de Infraestruturas e Planificación do Transporte de Dirección xeral de Mobilidade.

3.- Acordo de inicio do procedemento da Secretaría xeral técnica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

4.- Informe do Concello de Lugo de ponderación dos intereses locais.

TERCEIRA.- Da análise da documentación achegada, consta que o expediente foi sometido a información pública durante o prazo de vinte días, mediante inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP de Lugo de 24 de xaneiro de 2023) e nos xornais *"La Voz de Galicia"* e *"El Progreso"* en data 21.01.2023.

Así mesmo, constátase que non se formularon alegacións no período de información pública, segundo certificación expedida polo Vicesecretario do Concello de Lugo do 01.03.2023.


CUARTA.- Consta informe sobre ponderación dos intereses locais afectados emitido en data 07.03.2023 polo tenente de alcaldía delegado da Área de Sostibilidade Urbana do Concello de Lugo, polo que se informa favorablemente o proxecto de terminal de autobuses integrado na área intermodal de Lugo.

QUINTA.- O obxecto do proxecto é definir e executar a nova terminal de autobuses integrada na Área Intermodal de Lugo, no concello de Lugo.


Descrición da obra.



Implantación.



Previamente a execución desta actuación ADIF ten a previsión de levar a cabo unha nova conexión urbana a ambos lados das vías, cun paso baixo as vías do ferrocarril e un aparcamento, situado ao noroeste da actual estación do ferrocarril. A terminal de autobuses situarase sobre a cuberta do dito aparcamento.



Planta Soto.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DE TERRITORIO E URBANISMO
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA
Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal



Unha vez se accede ao interior da terminal de autobuses, encontrámonos cun espazo diáfano con zonas de atención e servizo aos viaxeiros, no que se permite o control dos usuarios que acceden ás dársenas, que se resolven practicamente á mesma cota que os accesos peonís, e configuradas cun esquema en espina de peixe.



Planta Baixa.


Os criterios para a ordenación dos usos responden aos fluxos internos da circulación dos viaxeiros e son os seguintes:

- Os servizos para os viaxeiros alíñanse ao longo da fachada suroeste, o que permite que estean visibles e recoñecibles dende o vestíbulo de acceso. O espazo de circulación e acceso aos mesmos é amplo para facilitar a orientación dos usuarios.
- As zonas de estancia e espera sitúanse en paralelo á fachada nordeste, o que permite participar da vida e movemento nas plataformas ferroviarias e, ao mesmo tempo, das vistas ao horizonte.
- Nas zonas de espera sitúanse zonas verdes interiores, visual e espacialmente conectadas co vestíbulo de acceso e coas dársenas.
- Os usos máis privados sitúanse no primeiro piso da edificación afastados das zonas de circulación pública para garantir a súa privacidade, pero sen renunciar á conexión visual coa planta baixa.
- A cafetería sitúase xunto ao acceso, por unha parte vencellada á terraza exterior e as vistas á nova conexión ca cidade e, por outra parte, visual y espacialmente integrada no




espazo central da terminal, ofrecendo a posibilidade de que poida ter un funcionamento independente.

•
Planta baixa.




Detalle.

No primeiro andar da terminal atoparanse os usos administrativos e subsidiarios dos espazos da planta baixa.




Primeiro andar





A modo de resumo, achegamos cadro de superficies da intervención:

TERMINAL DE AUTOBUSES INTEGRADA EN EL ÁREA INTERMODAL DE LUGO	
SUPERFICIE TOTAL ÁMBITO:	8.744,36 m²
Superficie urbanización	5.528,49 m ²
Superficie andenes	1.682,70 m ²
Superficie ajardinada	770,82 m ²
Superficie ocupación en planta de las edificaciones	762,35 m ²
NÚMERO DE DÁRSENAS:	18 + 5 regulación
SUPERFICIE CUBIERTA DE LA TERMINAL	3.235,17 m²
SUPERFICIE ÚTIL Y CONSTRUIDA	
Superficie Útil	911,44 m ²
Superficie Construida (computando al 50% las superficies exteriores cubiertas)	1.993,06 m ²
Superficie Ocupación Total	2.999,60 m²



Plano con las superficies de los distintos usos – Terminal de Autobuses de Lugo




SEXTA.- DESCONFORMIDADE CO PLANEAMENTO

O planeamento urbanístico vixente é o recollido no plan xeral de ordenación municipal de ordenación de Lugo, aprobado definitivamente o 29 de abril de 2011.

Segundo consta no informe emitido polo concello de Lugo de 07/03/2023 sobre a ponderación dos intereses locais afectados, no seu punto TERCEIRO indícase que "As actuacións a desenvolver no Proxecto da estación de Autobuses redactado pola Xunta de Galicia non son compatibles coa ordenación urbanística vixente contemplada no Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente de forma parcial pola orde da consellería de medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), de data do 29-04-2011...."

O ámbito de actuación da área intermodal de Lugo está incluído no plano 7.31 de Ordenación e Xestión de Solo Urbano e afecta o Polígono P-7 clasificado como solo urbano non consolidado, que non se desenvolveu ata a data de hoxe. Segundo o punto 5.2.5 da normativa relativa a Ámbitos incorporados, o P7 é un ámbito que se considera con planeamento asumido. Así pois, a actuación pretendida ocupa ámbitos dun polígono de solo urbano non consolidado destinados a solo residencial, viarios e zonas verdes, non sendo compatible co planeamento urbanístico.



O polígono P7

Asemade o extremo sudeste da actuación ocupa parte do ámbito de solo urbano inmediato denominado URPI-29 (CN16); iste é un planeamento incorporado co solo clasificado como solo urbano consolidado cuxo uso principal está cualificado como residencial, polo que tampouco a actuación proposta é compatible co planeamento.





Figura 9. Ampliación del plano 7.31 de Ordenación e Xestión do Solo Urbano del PXOM de Lugo, URPI 29 – CN 16



Superposición de todas as figuras de planeamento afectadas polo ámbito da futura estación de autobuses

-Por todo o exposto, o proxecto da Terminal de Autobuses é desconforme co PXOM actual de Lugo.



SÉTIMA.- O apartado 5 do artigo único da Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese contén o seguinte teor literal:

“A consellaría competente por razón da materia remitirá o expediente á consellaría competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, a cal solicitará con carácter de urxencia aqueles informes que sexan preceptivos de acordo coa lexislación sectorial aplicable, e, unha vez recadados eses informes, elevará o proxecto para informe da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia, que se pronunciará sobre os aspectos urbanísticos do proxecto. Cumpridos estes trámites, devolverá o expediente completo á consellaría competente por razón da materia.

Simultaneamente ao previsto no punto anterior, se polas súas características o proxecto estiver comprendido dentro do ámbito de aplicación da avaliación de impacto ambiental establecido pola normativa vixente, a consellaría competente por razón da materia remitirá tamén o proxecto ao órgano competente para os efectos da tramitación do correspondente procedemento.”

En cumprimento do previsto no artigo sinalado, a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo **solicitou o 23.03.2023** a través do Rexistro electrónico da Xunta de Galicia (REXEL) os informes sectoriais preceptivos.

Concretamente, solicitáronse informes aos seguintes organismos sectoriais:

ESTATAIS

- **Delegación do Goberno** (disposición adicional segunda da Lei 13/2003, de 23 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas; o artigo 5 da Lei 34/1998, de 7 de outubro, do sector de hidrocarburos; o artigo 5 da Lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico; e o artigo 68 do Real Decreto 1434/2002, de 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, suministro e procedementos de autorización de instalacións de gas natural)
- Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital - **Dirección xeral de Telecomunicacións** (Lei 9/2014, de 9 de maio, xeral de Telecomunicacións)
- Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana- **Dirección xeral de Aviación Civil** (artigos 3.2, 4.3 e 17.2 do Real Decreto 1189/2011, de 19 de agosto, polo que se regula o procedemento de emisión dos informes previos ao planeamento de infraestruturas aeronáuticas, establecemento, modificación e apertura ao tráfico de aeródromos autonómicos, e se modifica o Real Decreto 862/2009, de 14 de maio, polo que se aproban as normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público e se regula a certificación dos aeroportos de competencia do Estado, o Decreto 584/1972, de 24 de febreiro, de servidumes aeronáuticas e o Real Decreto 2591/1998, de 4 de decembro, sobre a ordenación dos aeroportos de interese xeral e a súa zona de servizo, en execución do disposto polo artigo 166 da Lei 13/1996, de 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social)
- Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana- **AXENCIA ESTATAL DE SEGURIDADE AÉREA** (Decreto 584/1972, de 24 de febreiro, de servidumes aeronáuticas)
- Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico- **Confederación Hidrográfica do Miño-Sil** (artigo 25.4. do Real Decreto Lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Aguas)



- **Delegación de Economía e Facenda** (artigo 189 da Lei 33/2003, del 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas)
- Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana- **Dirección xeral de Planificación e Avaliación da rede ferroviaria-** (artigo 7.2 da Lei 38/2015, de 29 de setembro, do sector ferroviario e artigo 11 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenrola a Lei 37/2003, de 17 de novembro, de ruído, no referente á zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas).

AUTONÓMICOS

- **Dirección Xeral de Patrimonio Cultural** (artigo 34.2. da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia)
- **Augas de Galicia** (artigo 39 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia)
- **Instituto de Estudos do Territorio (IET)** (Lei 7/2008, do 7 de xullo, da protección de paisaxe de Galicia)
- **Dirección xeral de Calidade, Sostibilidade e Cambio climático** (artigo 9 e no Capítulo II do Título II da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia e o Decreto 60/2009, do 26 de febreiro, sobre solos potencialmente contaminados e procedemento para a declaración de solos contaminados)
- **Dirección Xeral de Emerxencias e Interior** (disposición adicional quinta da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia)
- **Dirección Xeral de Enerxía e Minas** (artigo 14 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia).

Constan no expediente os seguintes informes sectoriais:

ÁMBITO AUTONÓMICO

1. Informe do xefe do Servizo de Prevención e Control integrados da Contaminación (**Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático**) do 29.03.2023. (solos contaminados).
2. Informe do subdirector xeral de **planificación e protección civil**, do 31.03.2023.
3. Informe do Servizo de Enxeñería e Minas da **Dirección Xeral de Enerxía e Minas**, do 05.04.2023.
4. Informe da xefa do Servizo de Patrimonio Cultural da **Dirección xeral de Patrimonio Cultural**, do 10.04.2023.
5. Informe da dirección do **Instituto de Estudos do Territorio (IET)**, do 18.04.2023.
6. Informe do xerente de **Augas de Galicia**, de 11.07.2023.

Os devanditos informes foron emitidos con carácter favorable.

ÁMBITO ESTATAL



1. Informe da **Dirección de Aeroportos e Seguridade na Aviación Civil (AESA)**, do 11.04.2023.
2. Informe da **Dirección xeral de Política Enerxética e Minas** do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, do 12.04.2023.
3. Informe do **director xeral de Telecomunicacións e Ordenación de Servizos de Comunicación Audiovisual**, do 13.04.2023.
4. Informe da dirección da **Área de Fomento** da Delegación do Goberno en Galicia, do 08.05.2023.
5. Informe do conselleiro técnico da **Confederación Hidrográfica Miño-Sil**, do 16.05.2023.
6. Informe da **Dirección Xeral de Aviación Civil**, do 24.05.2023.

Os devanditos informes foron emitidos con **carácter favorable**.

Respecto dos informes emitidos pola dirección xeral de Telecomunicacións e Ordenación de Servizos de Comunicación Audiovisual, Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, dirección xeral de Aviación Civil e dirección xeral de Patrimonio Cultural, cómpre sinalar que os mesmos propoñen certas cautelas e/ou correccións ao proxecto básico.

Á vista dos mesmos, procedeuse a incorporación ao mesmo dos cambios propostos nos informes sectoriais, sendo remitido pola dirección xeral de Mobilidade en data 11.08.2023 o novo documento cos cambios incorporados.

Por outra banda, non consta a emisión dos informes solicitados á Dirección xeral de Planificación e Avaliación da Rede Ferroviaria.

Segundo consta no expediente, en data 23.03.2023 foi solicitado á Dirección xeral de Planificación e Avaliación da Rede Ferroviaria a emisión do informe sectorial previsto no 7.2 da Lei 38/2015, de 29 de setembro, do sector ferroviario, constando a recepción da solicitude por parte de dita administración en data 23.03.2023.

De conformidade co establecido no artigo 7.2 da Lei 38/2015, de 29 de setembro, do sector ferroviario, transcorridos dous meses desde a recepción da solicitude de informe sen que este fora emitido, entenderase a súa conformidade co proxecto urbanístico.

Así mesmo, tamén consta que foi efectuada á Dirección xeral de Planificación e Avaliación da Rede Ferroviaria a solicitude de emisión do informe previsto no artigo 11 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenrola a Lei 37/2003, de 17 de novembro, de ruído, no referente á zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, constando a recepción por dita administración en data 23.03.2023.

De conformidade co previsto no artigo 80.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, transcorrido o prazo de 10 días dende a solicitude do informe sen que fora emitida, poderán proseguir as actuacións.

Así mesmo consta no expediente resolución da **Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático**, emitido pola en data 10.07.2023, pola que se formula o



informe ambiental do proxecto da terminal de autobuses integrada na área intermodal de Lugo, na que se conclúe que non son previsibles efectos adversos sobre o medio ambiente, e polo tanto, non se considera necesario someter o proxecto a avaliación de impacto ambiental ordinaria.

De conformidade co artigo único. 6 da Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese: *"o acordo do Consello da Xunta de aprobación do proxecto será inmediatamente executivo e habilitará ó órgano promotor para o inicio das obras correspondentes"*.

En consecuencia, procede a tramitación do proxecto ao abeiro do procedemento previsto na Lei 3/2016, do 1 de marzo, por canto se trata dun proxecto promovido por un órgano da Administración Pública que resulta desconforme co planeamento urbanístico aplicable, e por apreciar a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade que concorre o suposto de urxencia e excepcional interese público para a Comunidade Autónoma, por estar vinculado a materias da súa competencia.

[...]"

